

IES “MANUEL GARCÍA BARROS”

Departamento de Orientación

2022-2023

**AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á
UNIVERSIDADE: ABAU 2023**

NORMATIVA E ASPECTOS PRÁCTICOS

18 de maio 2023

PROBA de ACCESO ás ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS de GRAO 2022-2023 (Convocatorias de xuño e xullo-2023)

- A proba de avaliación do Bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao adecuarase ao currículo do Bacharelato e versará sobre as MATERIAS TRONCAIS XERAIS e de MODALIDADE e, no seu caso, sobre as MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN establecidas para o SEGUNDO CURSO, e da *Segunda Lingua Estranxeira II*.

MATERIAS TRONCAIS XERAIS e de MODALIDADE			
CIENCIAS	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
Historia de España	Historia de España	Historia de España	Historia de España
Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II
Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II
1ª Lingua Estranxeira II	1ª Lingua Estranxeira II	1ª Lingua Estranxeira II	1ª Lingua Estranxeira II
Matemáticas II	Latín II	Matemáticas aplicadas ás CC.SS II	Fundamentos da Arte II

MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN			
CIENCIAS	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
Física	Historia da Filosofía	Historia da Filosofía	Cultura Audiovisual II
Química	Historia da Arte	Historia da Arte	Artes Escénicas
Biología	Grego II	Grego II	Deseño
Xeoloxía	Economía da Empresa	Economía da Empresa	
Debuxo Técnico II	Xeografía	Xeografía	

- A proba estrutúrase en dúas partes: PARTE OBRIGATORIA e PARTE VOLUNTARIA (permite mellorar a cualificación obtida na parte obrigatoria).

PARTE OBRIGATORIA

➤ **Consta dos exercicios seguintes:**

1º) **“Historia de España”**

2º) **“Lingua Castelá e Literatura II”**

3º) **“Lingua Galega e Literatura II”**

4º) **Exercicio de “Primeira Lingua Estranxeira II”:** Inglés, Francés, Alemán, Italiano o Portugués.

5º) **Materia Troncal Xeral de Modalidade:**

MATERIA TRONCAL XERAL de MODALIDADE			
CIENCIAS	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
Matemáticas II	Latín II	Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II	Fundamentos da Arte II

➤ **É importante saber que:**

- **DURACIÓN:** Cada un dos exercicios desta fase terá unha duración de 1 hora e media, establecéndose un intervalo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.
- **OPCIONALIDADE:** Só hai unha opción. O estudante elixirá libremente os exercicios dos que desexa ser examinado.
- **PUNTUACIÓN:** Cada un dos exercicios da Parte Obrigatoria cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais.
- **REALIZACIÓN DOS EXERCICIOS:** Os e as estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios de Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II e da Primeira Lingua Estranxeira da que se trate deberán desenvolverse nas súas respectivas linguas.
- **CUALIFICACIÓN da PARTE OBRIGATORIA:** Será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais.

O ACCESO Á UNIVERSIDADE

- Para cursar estudos universitarios oficiais de grao se requerirá, con carácter xeral, a **SUPERACIÓN** da **PROBA de AVALIACIÓN de BACHARELATO para o ACCESO á UNIVERSIDADE**.
- **PROBA de ACCESO SUPERADA:** É cando o estudante obteña unha **nota igual ou superior a 5 puntos**, como resultado da **media ponderada do 60%** da nota media do **Bacharelato** e o **40%** da cualificación da **Parte Obrigatoria** e **sempre que obtivese un mínimo de catro puntos na cualificación da Parte Obrigatoria**.

$$0,6 * NMB + 0,4 * CPO \geq 5$$

$$(CPO \geq 4)$$

NMB: Nota Media do Bacharelato

CPO: Cualificación da Parte Obrigatoria

- **A cualificación da PROBA de ACCESO á Universidade expresarase en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais.**
- **A cualificación da Parte Obrigatoria terá validez indefinida, sempre que se teña superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.**

➤ **Por qué aprobar a ABAU é tan doado?**

Quizais ten que ver co feito de que **podes aprobar cun 4**. A nota mínima para aprobar a ABAU é un 4 na Parte Obrigatoria, sempre que ao realizar a media ponderada entre o Bacharelato (60%) e a cualificación da Parte Obrigatoria (40%), a nota de acceso sexa igual ou superior a 5 puntos. Concretamente, se a túa **media de Bacharelato é 5,67** ou máis, un **4 na Parte Obrigatoria** da ABAU vale para aprobar:

$$0,6 * 5,67 + 0,4 * 4 = 5$$

LOXICAMENTE HAI QUE ASPIRAR A MOITO MÁIS!!!

EXEMPLO PRÁCTICO

➤ **NMB = 7,75**

➤ **PARTE OBRIGATORIA:**

- **HISTORIA de ESPAÑA = 8,75**
- **LINGUA CASTELÁ e LITERATURA II = 6,65**
- **LINGUA GALEGA e LITERATURA II = 7,25**
- **PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA II = 7,75**
- **MATERIA TRONCAL XERAL PROPIA da MODALIDADE CURSADA = 8,15**

❖ **CUALIFICACIÓN da PARTE OBRIGATORIA: Media aritmética.**

$$\text{CPO} = 8,75 + 6,65 + 7,25 + 7,75 + 8,15 / 5 = 7,710$$

❖ **CUALIFICACIÓN da PROBA de AVALIACIÓN de BACHARELATO para o ACCESO á UNIVERSIDADE: Media ponderada (60% nota media do Bacharelato – 40% Cualificación Parte Obrigatoria):**

$$0,6 * 7,75 + 0,4 * 7,710 = 7,734$$

7,734 > 5 → PROBA de ACCESO SUPERADA

Se o/a alumn@ quere estudar unha **Titulación Universitaria** con **LÍMITE de PRAZAS** e cunha **NOTA de CORTE ALTA** (Matemáticas-Enx. Informática: 13,360; Matemáticas-Física: 13,282; Medicina: 12,792 ... etc.), **deberá mellorar a cualificación da Parte Obrigatoria** (“subir nota”). **¿Como?** Terá que realizar a **PARTE VOLUNTARIA**, examinándose dun máximo de 4 **MATERIAS**, a elixir entre as **MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN** e as **MATERIAS TRONCAIS XERAIS de MODALIDADE** e distintas daquela da que se examinen na Parte Obrigatoria da proba.

POLO TANTO, CONTINÚA A ABAU...

PARTE VOLUNTARIA

- É de carácter **voluntario**.
- **¿Para qué vale?** Permite **mellorar a cualificación** obtida na **Parte Obrigatoria** → Acceso a Titulacións con **LÍMITE de PRAZAS**.
- Cada estudante poderá examinarse **DUN MÁXIMO de CATRO MATERIAS** de entre as **MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN** e as **MATERIAS TRONCAIS XERAIS de MODALIDADE** e **distintas** daquela da que se examinen na **Parte Obrigatoria da proba**. Así mesmo, os estudantes poderán examinarse dunha das opción lingüísticas da Segunda Lingua Estranxeira II distinta da que cursasen como materia troncal xeral. **Deberán estar adscritas á Rama do Coñecemento do Título** no cal queiran ser admitidos.

MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN			
CIENCIAS	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
Física	Historia da Filosofía	Historia da Filosofía	Cultura Audiovisual II
Química	Historia da Arte	Historia da Arte	Artes Escénicas
Bioloxía	Grego II	Grego II	Deseño
Xeoloxía	Economía da Empresa	Economía da Empresa	
Debuxo Técnico II	Xeografía	Xeografía	

MATERIAS TRONCAIS XERAIS de MODALIDADE			
CIENCIAS	HUMANIDADES	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
Latín II	Matemáticas II	Matemáticas II	Matemáticas II
Matemáticas aplicadas ás CC.SS II	Matemáticas aplicadas ás CC.SS II	Latín II	Latín II
Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II	Matemáticas aplicadas ás CC.SS II

➤ **É importante saber que:**

- **DURACIÓN:** Cada un dos exercicios será **dunha hora e media** establecéndose un intervalo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.
- **OPCIONALIDADE:** Só hai unha opción. O estudante elixirá libremente os exercicios dos que desexa ser examinado.
- **PUNTUACIÓN:** Cada unha das materias das cales se examina o estudante cualificarase de **0 a 10 puntos**, con dúas cifras decimais. **Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco puntos.** Non se ponderará a cualificación obtida nunha materia cando non se acade nesta unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Terase tamén en consideración a cualificación obtida na Parte Obrigatoria na Materia Troncal Xeral de Modalidade (Matemáticas II, Latín II, Matemáticas aplicadas ás CC.SS II e Fundamentos da Arte II), sempre e cando a cualificación acadada na materia correspondente sexa igual ou superior a 5 puntos.

ADMISIÓN ás TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS de GRAO con LÍMITE de PRAZAS

- Cando o **número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas**, as universidades públicas empregarán para a adxudicación das prazas a **NOTA de ADMISIÓN** que corresponda (**Procedemento de Concorrenza Competitiva**).
- **¿Cómo se calcula a NOTA de ADMISIÓN?** Coa seguinte fórmula:

$$\text{NOTA DE ADMISIÓN} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CPO} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMB: Nota Media do Bacharelato

CPO: Cualificación da Parte Obrigatoria

M1, M2: As dúas materias superadas da Parte Voluntaria e/ou da Materia Troncal Xeral de Modalidade correspondente, con mellor cualificación UNHA VEZ APLICADOS OS PARÁMETROS DE PONDERACIÓN

a, b: Parámetros de Ponderación das materias M1 e M2 da Parte Voluntaria e/ou da Materia Troncal Xeral específica da modalidade

- **É importante saber que:**
 - A Nota de Admisión se expresará con tres cifras decimais.

- A **Nota de Admisión** incorporará as **cualificacións das materias SUPERADAS** da **PARTE VOLUNTARIA** e/ou da **Materia Troncal de modalidade** da **PARTE OBRIGATORIA**, sempre que as ditas materias estean adscritas á **Rama do Coñecemento do Título** no cal queiran ser admitidos (ver as táboas de adscricións na páxina 29).
- Os **Parámetros de Ponderación** (a ou b: **0,1** ou **0,2**) serán aprobados polas Universidades de Galicia para o acceso ao curso académico correspondente e recollidos na circular publicada na páxina web da CiUG:

<https://ciug.gal/PDF/ponderacions-2023-24.pdf>

EXEMPLO PRÁCTICO

➤ **PARTE VOLUNTARIA** (suposto: preséntase a tres: M1; M2; M3):

- **M1** (parámetro ponderación: **0,2**) = **6**
 - **M2** (parámetro ponderación: **0,2**) = **5**
 - **M3** (parámetro ponderación: **0,1**) = **8**
 - **M4** (Materia Troncal de Modalidade da PARTE OBRIGATORIA; parámetro ponderación: **0,1**) = **7**
- **Cálculos:** $0,2 * 6 = +1,2$ /// $0,2 * 5 = +1$ /// $0,1 * 8 = + 0,8$ /// $0,1 * 7 = + 0,7$
 - **(1,2 > 1 > 0,8 > 0,7)**
 - **NOTA de ADMISIÓN:**

$$0,6 * NMB + 0,4 * CPO + a * M1 + b * M2$$

$$7,734 + 0,2 * 6 + 0,2 * 5$$

$$7,734 + 1,2 + 1$$

$$7,734 + 2,2$$

$$\text{NOTA de ADMISIÓN} = 9,934$$

O ALUMN@ MELLORA A CUALIFICACIÓN OBTIDA A TRAVÉS DA PARTE OBRIGATORIA E DA NMB EN 2,2 PUNTOS

É importante destacar a importancia que teñen os PARÁMETROS de PONDERACIÓN: A nota de **8** obtida en **M3** non se considerou por ter un **parámetro de ponderación baixo: 0,1**.

VALORACIÓN DAS MATERIAS: PARTE OBRIGATORIA E VOLUNTARIA

Os “14 puntos en xogo” son aportados por:

- I. Expediente Bacharelato: NMB; 6 puntos
- II. Parte Obrigatoria: CPO; 4 puntos / 5 materias
- III. Parte Voluntaria: 4 puntos / 2 materias

Facendo números demóstrase que as MATERIAS da PARTE OBRIGATORIA son as que teñen menos impacto na túa nota global (**NOTA de ADMISIÓN**). Vexámolo:

CONCEPTO	PUNTOS POSIBLES	MATERIAS	PUNTOS por MATERIA	PORCENTAXES	PORCENTAXES por MATERIA
EXPEDIENTE	6	-	-	42,86	-
PARTE OBRIGATORIA	4	5	0,8	28,57	5,71
PARTE VOLUNTARIA	4	2	2	28,57	14,29
TOTAL	14				

¡DEMOSTRADO! UNHA MATERIA VALE MOITO MENOS NA PARTE OBRIGATORIA QUE NA VOLUNTARIA.

¿DEBERÍAME PRESENTAR Á PARTE VOLUNTARIA?

Se onde queres estudar hai prazas limitadas para a Titulación que máis che interesa, deberías, sen dúbida, facer a Parte Voluntaria, ata con moi boas notas. **Non hai que confiarse!!!**.

Vexamos o seguinte suposto:

Dous estudantes (A e B) que desexan acceder á mesma Titulación, a cal ten unha Nota de Corte de 7,000:

➤ **Estudiante A:** “Moi bo academicamente”, cun expediente de Bacharelato de 9,00 (NMB=9,00), e que decide **non presentarse á Parte Voluntaria**.

- Na ABAU: Parte Obrigatoria = 9,000
- A súa de Nota de Admisión será: $9,00 * 0,6 + 9,000 * 0,4 = 9,000$
- Non debería ter problemas, pero ...

➤ **Estudiante B:** “Non é tan bo academicamente”, cun expediente de Bacharelato de 6,50 (NMB=6,50) e decide **presentarse á Parte Voluntaria** a dúas materias prioritarias (parámetros de ponderación de 0,2).

- Na ABAU:
 - Parte Obrigatoria = 6,500
 - Parte Voluntaria: Saca un 6,500 en cada unha das materias
- A súa Nota de Admisión será:

$$6,50*0,4 + 6,500*0,6 + 6,50*0,2 + 6,50*0,2 = 9,100$$

Nota de Admisión (B) > Nota de Admisión (A)

¡ENTRARÍA ANTES O ESTUDANTE “MENOS BO” (CO SEU 6,50 DE BACH) QUE O ESTUDANTE “MOI BO” (CO SEU 9,00 DE BACH.)!

NOTAS de CORTE e PRAZAS OFERTADAS

Acceso Curso 2022-2023 / “61 notas de corte máis altas”

TITULACIÓN	UNIVERSIDADE	NOTA	PRAZAS
Grao en Matemáticas e Enxeñaría Informática (Dobre Titulación)	Santiago	13,360	10
Grao en Matemáticas e Física (Dobre Titulación)	Santiago	13,282	10
Grao en Comunicación Audiovisual e Xornalismo (Dobre Titulación)	Santiago	12,942	10
Grao en Medicina	Santiago	12,792	360
Grao en Educación Infantil e Educación Primaria (Dobre Titulación)	Santiago	12,692	16
Grao en Odontoloxía	Santiago	12,399	50
Grao en Matemáticas	Santiago	12,330	110
PCEO Enx. Biomédica e Enx. Elect. Industrial e Automática	Vigo	12,208	6
Grao en Química e Física (Dobre Titulación)	Santiago	12,162	10
Grao en Física	Santiago	12,012	90
PCEO ADE e Enxeñaría Informática	Vigo (Ourense)	11,976	6
Grao en Biotecnoloxía	Santiago	11,930	50
Grao en Farmacia e Óptica (Dobre Titulación)	Santiago	11,920	10
Grao en Enxeñaría Aeroespacial	Vigo (Ourense)	11,898	50
Grao en Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Mecánica (Dobre Titulación)	Vigo	11,816	6

TITULACIÓN	UNIVERSIDADE	NOTA	PRAZAS
Grao en Enx. Mecánica e Enx. Naval e Oceánica (Dobre Titulación)	A Coruña (<i>Ferrol</i>)	11,780	8
Grao en Química e Bioloxía (Dobre Titulación)	Santiago	11,680	20
Grao en Enxeñaría Biomédica	Vigo	11,623	44
Grao en ADE e Dereito	A Coruña	11,530	60
Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria (Dobre Titulación)	Santiago (<i>Lugo</i>)	11,448	16
Grao en Enfermaría	A Coruña	11,438	66
Grao en Enxeñaría Informática	Santiago	11,392	75
Grao en Enfermaría	Santiago	11,368	150
Grao en Enfermaría	Vigo (<i>Meixoeiro</i>)	11,320	50
Grao en Veterinaria	Santiago (campus de <i>Lugo</i>)	11,287	110
Grao en Enfermaría	Santiago (<i>Lugo</i>)	11,236	83
Grao en Dereito e Relacións Laborais (Dobre Titulación)	Santiago	11,196	20
Grao en Enfermaría	Vigo (<i>campus Pontevedra</i>)	11,170	50
PCEO Enx. Mecánica e Enx. Electr. Industrial e Automática	Vigo	11,160	10
Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos	A Coruña	11,140	50
Grao Enfermaría	Vigo (<i>campus Ourense</i>)	11,132	...
Grao en Enfermaría	A Coruña (<i>campus Ferrol</i>)	11,060	66
PCEO ADE e Dereito	Vigo	11,060	40
Grao en Intelixencia Artificial	Santiago	11,008	50
Grao en Fisioterapia	A Coruña	10,966	60

TITULACIÓN	UNIVERSIDADE	NOTA	PRAZAS
Grao en Bioquímica	Santiago (<i>campus Lugo</i>)	10,936	45
Grao en Enfermaría	Vigo (<i>Povisa</i>)	10,884	70
Grao en Fisioterapia	Vigo (<i>campus Pontevedra</i>)	10,782	50
Grao en Química e Bioloxía (Dobre Titulación)	A Coruña	10,746	10
Grao en Mestre en Educación Primaria	Santiago	10,722	112
Grao en Español e Galego e Portugués (Dobre Titulación)	A Coruña	10,707	5
PCEO ADE e Dereito	Vigo (<i>campus Ourense</i>)	10,658	...
Grao en Farmacia	Santiago	10,569	195
Grao en Comunicación Audiovisual	Santiago	10,564	50
Grao en Psicoloxía	Santiago	10,450	150
Grao en Criminoloxía	Santiago	10,438	50
Grao en Bioloxía	Santiago	10,366	100
Grao en Mestre en Educación Infantil	Santiago	10,258	61
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	A Coruña	10,234	120
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Vigo (<i>campus Pontevedra</i>)	10,220	100
Grao en Intelixencia Artificial	A Coruña	10,210	50
Grao en Xestión Industrial da Moda	A Coruña (<i>campus Ferrol</i>)	10,163	50
Grao aberto en Enxeñaría Industrial	A Coruña (<i>campus Ferrol</i>)	10,130	8
Grao en Educación Primaria	A Coruña	10,122	120
Grao en Enxeñaría Química	Santiago	10,120	60
Grao en Relacións Internacionais	Vigo (<i>campus Ourense</i>)	10,020	...
Grao en Óptica e Optometría	Santiago	9,970	55

TITULACIÓN	UNIVERSIDADE	NOTA	PRAZAS
Grao en Química	Santiago	9,924	100
Grao en Belas Artes	Vigo (<i>campus Pontevedra</i>)	9,768	...
Grao en Xornalismo	Santiago	9,640	75
Grao en Tradución e Interpretación Español-Ingles	Vigo	9,572	...

Para saber máis:

https://ciug.gal/PDF/ACCESO2022/notas_corte.pdf

ANEXOS

TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS de GRAO no S.U.G para o acceso ao curso 2023-2024 e RAMAS do COÑECEMENTO

➤ Hai **5 Ramas de Coñecemento**:

- ARTES e HUMANIDADES.
- CIENCIAS.
- CIENCIAS da SAÚDE.
- ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA.
- CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS.

➤ Hai **101 Títulos de Grao** para o curso 2023-2024

ARTES e HUMANIDADES: 19
Belas Artes
Filoloxía Aplicada Galega e Española
Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
Deseño
Filoloxía clásica
Filosofía
Galego-Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

CIENCIAS da SAUDE: 12
Enfermaría
Farmacía
Fisioterapia
Logopedia
Medicina
Nutrición Humana e Dietética
Odontoloxía

ARTES e HUMANIDADES: 19 (II)
Historia
Historia da Arte
Inglés: Estudos lingüísticos e Literarios
Lingua e Literatura Españolas
Lingua e Literatura Galegas
Lingua e Literatura Inglesas
Linguas e Literaturas Modernas
Linguas Estranxeiras
Tradución e Interpretación
Xeografía e Historia
Xestión Cultural
Xestión Dixital da Información e Documentación

ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA: 32
Arquitectura Técnica
Ciencia e Enxeñaría de Datos
Enxeñaría Aeroespacial
Enxeñaría Agraria
Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria
Enxeñaría Biomédica
Enxeñaría Civil
Enxeñaría da Automoción con mención dual

CIENCIAS da SAUDE: 12 (II)
Óptica e Optometría
Podoloxía
Psicoloxía
Terapia Ocupacional
Veterinaria

CIENCIAS: 10
Bioloxía
Bioquímica
Bioteconoloxía
Ciencias Ambientais
Ciencias do Mar
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
Física
Matemáticas
Nanociencia e Nanotecnoloxía
Química

CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS: 28
Administración e Dirección de Empresas
Ciencia Política e da Administración
Ciencias da Actividade Física e do Deporte

ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA: 32 (II)
Enxeñaría da Enerxía
Enxeñaría de Obras Públicas
Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
Enxeñaría Eléctrica
Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática
Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto
Enxeñaría en Organización Industrial
Enxeñaría en Química Industrial
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais
Enxeñaría Forestal
Enxeñaría Forestal e do Medio Natural
Enxeñaría Informática
Enxeñaría Mecánica
Enxeñaría Naval e Oceánica
Enxeñaría Química
Estudos de Arquitectura
Intelixencia Artificial
Máquinas Navais
Náutica e Transporte Marítimo

CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS: 28 (II)
Ciencias Empresariais
Comercio
Comunicación Audiovisual
Creación Dixital, Animación e Videoxogos
Criminoloxía
Dereito
Dirección e Xestión Pública
Economía
Educación Infantil
Educación Primaria
Educación Social
Empresa e Tecnoloxía
Mestre en Educación Infantil
Mestre en Educación Primaria
Pedagogía
Publicidade e Relacións Públicas
Relacións Internacionais
Relacións Laborais e Recursos Humanos
Socioloxía
Traballo Social
Turismo
Xeografía e Ordenación do Territorio

ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA: 32 (III)

Paisaxe

Robótica

Tecnoloxía da Enxeñaría Civil

CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS: 28 (III)

Xestión de Empresas Hostaleiras

Xestión Industrial de Moda

Xornalismo

As **Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo** posibilitan que un estudante poida cursar de forma simultánea dous Graos (Dobre Titulación):

- Grao en ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + DEREITO: A Coruña (60 prazas), Vigo (40 prazas) e Vigo (Campus Ourense; 20 prazas).
- Grao en ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + ENXEÑARÍA INFORMÁTICA: Vigo (Campus de Ourense; 6 prazas).
- Grao en CIENCIAS EMPRESARIAIS + TURISMO: A Coruña (25 prazas).
- Grao en COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL + XORNALISMO: Santiago (10 prazas).
- Grao en DEREITO + RELACIÓNS LABORAIS: Santiago (20 prazas).
- Grao en ENXEÑARÍA AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIA + ENXEÑARÍA FORESTAL: Santiago (Campus Lugo; 10 prazas).
- Grao en ENXEÑARÍA BIOMÉDICA + ENXEÑARÍA EN ELECTRÓNICA, INDUSTRIAL E AUTOMÁTICA: Vigo (6 prazas).
- Grao en ENXEÑARÍA BIOMÉDICA + ENXEÑARÍA MECÁNICA: Vigo 6 prazas).
- Grao en ENXEÑARÍA MECÁNICA + ENXEÑARÍA EN ELECTRÓNICA, INDUSTRIAL E AUTOMÁTICA: Vigo (10 prazas).
- Grao en ENXEÑARÍA MECÁNICA + ENXEÑARÍA NAVAL E OCEÁNICA: A Coruña (Campus Ferrol; 8 prazas).
- Grao en ESPAÑOL + GALEGO E PORTUGUÉS: A Coruña (5 prazas).
- Grao en FARMACIA + ÓPTICA E OPTOMETRÍA: Santiago (10 prazas).
- Grao en INGLÉS + ESPAÑOL: A Coruña (20 prazas).
- Grao en INGLÉS + GALEGO E PORTUGUÉS: A Coruña (5 prazas).
- Grao en MATEMÁTICAS + ENXEÑARÍA INFORMÁTICA: Santiago (10 prazas).

- Grao en MATEMÁTICAS + FÍSICA: Santiago (10 prazas).
- Grao en MESTRE EN EDUCACIÓN INFANTIL + MESTRE EN EDUCACIÓN PRIMARIA: Santiago (Campus Lugo; 16 prazas).
- Grao en QUÍMICA + BIOLOXÍA: Santiago (20 prazas) e A Coruña (10 prazas).
- Grao en QUÍMICA + FÍSICA: Santiago (10 prazas).
- Grao en TURISMO + XEOGRAFÍA E HISTORIA: Vigo (Campus de Ourense; 10 prazas).

A USC, no seu Campus de Lugo, oferta O GRAO ABERTO “5USC ENXEÑARÍAS”

- Permite ao alumnado escoller libremente materias de 5 graos diferentes durante o primeiro e segundo ano de carreira para despois decidirse por unha carreira concreta no ámbito da enxeñaría.
 - Esta opción facilita coñecer aspectos básicos de distintas disciplinas durante os primeiros anos e despois ofrece ao alumnado a posibilidade de seguir o itinerario do grao que máis lle convence.
 - Os 5 graos diferentes son os seguintes: Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, Grao en Enxeñaría Civil, Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Grao en Robótica.
-
- Para saber máis:

[Programa de Grao Aberto “5USC Enxeñarías” | Universidade de Santiago de Compostela](#)

<https://www.usc.gal/es/futuros-estudiantes>

<https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais/epse-2>

A Universidade de A Coruña oferta dous **Graos Abertos**: Ciencias Sociais e Xurídicas (*campus de A Coruña*) e Enxeñaría Industrial (*campus de Ferrol*).

- Combinan materias de varios graos da mesma Rama de Coñecemento. O obxectivo desta modalidade é ofrecer aos estudantes a posibilidade de non ter que escoller un grao nun primeiro momento, senón que poderán ir cursando materias de diferentes graos dunha mesma Rama de Coñecemento e, durante o segundo ano, elixir o grao que máis se adecúe ás súas preferencias.
- Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas: Os graos que participan son Administración e Dirección de Empresas, Economía, Empresariais, Dereito, Turismo, Socioloxía e Educación Social.
- Grao Aberto en Enxeñaría Industrial: Os graos que participan son Tecnoloxía Industrial, Mecánica, Eléctrica, Electrónica Industrial e Automática.

https://www.udc.es/gl/futuros_estudiantes/portas_abertas/graos/graos-abertos/

[Futuros estudantes \(udc.es\)](https://www.udc.es/gl/futuros_estudiantes/portas_abertas/graos/graos-abertos/)

Para coñecer máis da oferta académica e o contexto investigador, social, cultural e espacial das universidades do S.U.G (Sistema Universitario Galego):

- Universidade de Santiago de Compostela: <https://www.usc.gal/es/futuros-estudiantes>
- Universidade da Coruña: https://www.udc.es/es/futuros_estudiantes/
- Universidade de Vigo: <https://www.uvigo.gal/es/ven-uvigo/futuro-alumnado-grado>

Tamén resulta interesante a consulta da Guía de Estudos Superiores de Galicia 2023-2024, recentemente publicada por La Voz de Galicia:

<https://estudiarengalicia.lavozdegalicia.es/>

ADSCRIPCIÓN das MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN (2º Bacharelato) ás RAMAS do COÑECEMENTO

MATERÍAS TRONCAIS de OPCIÓN	RAMAS do COÑECEMENTO
ARTES ESCÉNICAS	Artes e Humanidades / Ciencias Sociais e Xurídicas
BIOLOXÍA	Ciencias / Ciencias da saúde / Enxeñaría e Arquitectura / Ciencias Sociais e Xurídicas
CULTURA AUDIOVISUAL II	Artes e Humanidades / Ciencias Sociais e Xurídicas
DEBUXO TÉCNICO II	Artes e Humanidades / Ciencias Sociais e Xurídicas / Enxeñaría e Arquitectura
DESEÑO	Artes e Humanidades / Ciencias Sociais e Xurídicas / Enxeñaría e Arquitectura
ECONOMÍA da EMPRESA	Artes e Humanidades / Ciencias Sociais e Xurídicas / Enxeñaría e Arquitectura
FÍSICA	Ciencias / Ciencias da Saúde / Enxeñaría e Arquitectura / Ciencias Sociais e Xurídicas
GREGO II	Artes e Humanidades / Ciencias Sociais e Xurídicas
HISTORÍA da ARTE	Artes e Humanidades / Ciencias Sociais e Xurídicas
HISTORIA da FILOSOFÍA	Artes e Humanidades / Ciencias Sociais e Xurídicas
QUÍMICA	Ciencias / Ciencias da saúde / Enxeñaría e Arquitectura / Ciencias Sociais e Xurídicas
XEOGRAFÍA	Artes e Humanidades / Ciencias Sociais e Xurídicas
XEOLOXÍA	Ciencias / Ciencias da saúde / Enxeñaría e Arquitectura / Ciencias Sociais e Xurídicas

EXEMPLOS CONCRETOS

1.- GRAOS adscritos ás “**ARTES e HUMANIDADES**” con **NOTA de CORTE alta**, por exemplo: “**Belas Artes**” (9,768) (*Vigo / campus Pontevedra*). **¿Cómo “SUBIR NOTA”?** Presentándome na PARTE VOLUNTARIA a dúas (*recomendable*) MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN adscritas ás ARTES e HUMANIDADES.

➤ **¿Cales son esas materias? ¿Canto valen os seus PARÁMETROS de PONDERACIÓN?**

MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN (Artes e Humanidades)	HISTORIA (Parámetros de Ponderación)
ARTES ESCÉNICAS	0,2
CULTURA AUDIOVISUAL II	0,2
DEBUXO TÉCNICO II	0,2
DESEÑO	0,2
FUNDAMENTOS da ARTE II	0,2
HISTORIA da ARTE	0,2
HISTORIA da FILOSOFÍA	0,1

2.- GRAOS adscritos ás “**CIENCIAS da SAÚDE**” con **NOTA de CORTE alta**. Por exemplo: “**Medicina**” (12,792) / “**Odontoloxía**” (12,399) / “**Enfermaría**” (11,438) / “**Veterinaria**” (11,287) / “**Fisioterapia**” (10,966).

➤ **¿Cómo “SUBIR NOTA”?** Presentándome na PARTE VOLUNTARIA a dúas (*recomendable*) MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN adscritas ás CIENCIAS da SAÚDE.

➤ **¿Cales son esas materias? ¿Canto valen os seus PARÁMETROS de PONDERACIÓN?**

MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN (Ciencias da Saúde)	Parámetros de Ponderación			
	MEDICINA	ODONTOLOXÍA	ENFERMARÍA	FISIOTERAPIA
BIOLOXÍA	0,2	0,2	0,2	0,2
FÍSICA	0,1	0,1	0,1	0,2
QUÍMICA	0,2	0,2	0,2	0,2

MATERIA TRONCAL de MODALIDADE (Ciencias da Saúde)	Parámetros de Ponderación			
	MEDICINA	ODONTOLOXÍA	ENFERMARÍA	FISIOTERAPIA
MATEMÁTICAS II	0,1	0,1	0,2	0,2

3.- GRAOS adscritos a “**ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA**” con **NOTA de CORTE alta**. Por exemplo: “**Enxeñaría Aeroespacial**” (11,898) / “**Enxeñaría Biomédica**” (11,623) / “**Enxeñaría Informática**” (11,392).

➤ **¿Como “SUBIR NOTA”?** Presentándome na PARTE VOLUNTARIA a dúas (*recomendable*) MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN adscritas a ENXEÑARÍA e ARQUITECTURA.

➤ **¿Cales son esas materias? ¿Canto valen os seus PARÁMETROS de PONDERACIÓN?**

MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN (Enxeñaría e Arquitectura)	Parámetros de Ponderación		
	ENXEÑARÍA AEROESPACIAL	ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	ENXEÑARÍA BIOMÉDICA
BIOLOXÍA	0,0	0,0	0,2
DEBUXO TÉCNICO II	0,2	0,2	0,2
DESEÑO	0,1	0,1	0,0
ECONOMÍA da EMPRESA	0,1	0,1	0,1
FÍSICA	0,2	0,2	0,2
QUÍMICA	0,2	0,2	0,2
XEOLOXÍA	0,1	0,0	0,0

MATERIA TRONCAL de MODALIDADE (Enxeñaría e Arquitectura)	Parámetros de Ponderación		
	ENXEÑARÍA AEROESPACIAL	ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	ENXEÑARÍA BIOMÉDICA
MATEMÁTICAS II	0,2	0,2	0,2

4.- **GRAOS** adscritos ás “CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS” con **NOTA de CORTE alta**. Por exemplo: “Creación Dixital, Animación e Videoxogos” (11,140) // “Mestre en Educación Primaria” (10,722) // “Comunicación Audiovisual” (10,564).

➤ **¿Como “SUBIR NOTA”?** Presentándome na PARTE VOLUNTARIA a dúas (*recomendable*) MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN adscritas ás CIENCIAS SOCIAIS e XURÍDICAS.

➤ **¿Cales son esas materias? ¿Canto valen os seus PARÁMETROS de PONDERACIÓN?**

MATERIAS TRONCAIS de OPCIÓN (Ciencias Sociais e Xurídicas)	Parámetros de Ponderación	
	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	CREACIÓN DIXITAL, ANIMACIÓN E VIDEOXOGOS
ARTES ESCÉNICAS	0,2	0,2
CULTURA AUDIOVISUAL II	0,2	0,2
DEBUXO TÉCNICO II	0,0	0,2
DESEÑO	0,2	0,2
ECONOMÍA da EMPRESA	0,2	0,2
FÍSICA	0,0	0,2
GREGO II	0,1	0,0
HISTORIA da ARTE	0,2	0,2
HISTORIA da FILOSOFÍA	0,1	0,1
XEOGRAFÍA	0,1	0,0

- **Sen esquecer a TRONCAL XERAL de MODALIDADE non examinada na PARTE OBRIGATORIA:
MATEMÁTICAS II (0,2 / 0,2) // LATÍN II (0,1 / 0,0) // MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CC.SS II (0,2/0,2) //
FUNDAMENTOS DA ARTE II (0,2 / 0,2). E a 2ª Lingua Estranxeira II: 0,2 / 0,0.**

PROCEDIMIENTO de REVISIÓN

- **¿Qué podo facer si estou descontente coa cualificación outorgada a cada materia despois da primeira corrección?** Cada estudante, país, nais ou titores/as legais poderán solicitar a **REVISIÓN** da cualificación obtida nun ou en varios exames, *ante a presidencia do Tribunal da Comisión Organizadora*.
- **Prazo de presentación: Tres días hábiles**, contados a partir da data de publicación das cualificacións.

PROCEDIMIENTO

- En primeiro lugar, analízase se houbo algún erro material na corrección do exame da persoa interesada (sumas mal calculadas ou preguntas sen corrixir). No caso de existir algún erro material, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa. A cualificación provisoria obtida, indicada por **P**, pasa a ser a nova cualificación despois de modificar segundo o erro material detectado. No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisoria a cualificación orixinal, tamén indicada por **P**.
- **Deseguido**, realízase unha segunda corrección (**S**) por un novo corrector/a especialista distinto ao que efectuou a primeira corrección.
- **¿Qué cualificación se me vai outorgar?** Será a media **aritmética das cualificacións** obtidas nas dúas correccións (**P** y **S**), nomeadamente (**P + S**) / 2. No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre as dúas cualificacións (**P** y **S**), un terceiro profesor/a especialista distinto dos anteriores efectuará unha terceira corrección, indicada por **T**. Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das tres cualificacións, nomeadamente (**P + S + T**) / 3.

- *Este procedemento deberá efectuarse no prazo máximo de **cinco días hábiles**, contados a partir da data de finalización do prazo de tres días para solicitar a revisión.*
- *¿Qué podo facer si non estou de acordo coa resolución adoptada pola Comisión Organizadora (CiUG)?
Contra a resolución adoptada pola Comisión Organizadora, que porá fin á **VÍA ADMINISTRATIVA**, poderá interpoñerse **RECURSO POTESTATIVO de REPOSICIÓN** no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación perante a propia Comisión.*
- *¿Podo facer algo máis no caso de que resolvan desfavorablemente? Se poderá interpor o **RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO** (cando se dite resolución expresa ou se produza o acto presunto).*
- *As solicitudes de **REVISIÓN** poderán presentarse a través da aplicación informática **NERTA**, empregando o seu código de acceso.*
- *O estudante que presente solicitude de **REVISIÓN**, terá dereito a ver o exame corrixido unha vez finalizado na súa totalidade o proceso.*

ESTUDANTES con NECESIDADES ESPECÍFICAS de APOIO EDUCATIVO

- A Comisión Organizadora garantirá que os estudantes que presenten algún tipo de discapacidade poidan realizar tanto a Parte Obrigatoria como a Parte Voluntaria nas debidas condicións de igualdade.

TRÁMITES ADMINISTRATIVOS: A Matrícula.

- Os estudantes formalizarán a súa solicitude de matrícula para a ABAU nas datas e nos lugares que determine a Comisión Organizadora.
- Os estudantes formalizarán a súa solicitude de matrícula na secretaría do centro en que superase o segundo curso de bacharelato (**Prematrícula nos Centros**), indicando as materias elixidas para a realización da proba: **do 18 ao 22 de maio**. Esta prematrícula farase a través da aplicación **NERTA** (<https://www.edu.xunta.es/nerta/>).
